

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/46	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	12 de decembro de 2025
Duración	Dende as 13:53 ata as 14:17 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula M ^a Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 05.12.2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 05 de decembro de 2025.

Expediente 452/2025. Contratacións. CONTRATO DE SERVICIOS DENOMINADO SERVICIO DE PROGRAMA CONCILIA SILLEDIA 2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a necesidade de iniciar un novo procedemento de contratación do servizo denominado “Programa Lúdico Educativo de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo”, que se desenvolve nos CEIP Plurilingüe de Silleda e CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira, no marco das políticas municipais de conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Visto que o contrato vixente foi asinado con data 27 de outubro de 2022 coa empresa COESCO, tras a correspondente licitación, por un período dun ano prorrogable ata un máximo de catro anos, tal e como recolle a cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas. A última prórroga foi asinada o 16 de abril de 2024, e o contrato finaliza o 16 de outubro de 2025, data na que se cumpriría o terceiro ano de prestación do servizo.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de setembro de 2025 no que se daba inicio ó expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán esta contratación.

Visto o documento RC para o ano 2025.

Visto o informe xurídico de Secretaría asinado o 22 de setembro de 2025.

Visto o informe de Intervención asinado o 23 de setembro de 2025.

Vista a aprobación do expediente de contratación e a licitación pública realizada que conclúe na acta final da mesa de contratación que se transcribe a continuación:

“EXPEDIENTE: 452/2025

ASUNTO CONTRATO DE SERVICIOS DENOMINADO SERVICIO DE PROGRAMA CONCILIA SILLEDIA 2025 (Corresponsables: programa lúdico educativo de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo)

Na casa consistorial do Concello de Silleda, a 09 de decembro de 2025 cando son as 12:30 horas,

Tipo de contrato: Contrato de SERVICIOS.

Forma de adjudicación: Procedemento aberto.

Obxecto do contrato: SERVICIO DE PROGRAMA CONCILIA SILLEDA 2025 (Corresponsables: programa lúdico educativo de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo)

Membros asistentes:

PRESIDENTA

D. Paula Fernández Pena, Alcaldesa, que se abstén de calquera tipo de decisión no referente á licitación por formar parte do órgano de contratación, deixando a decisión da mesa en criterios exclusivamente técnicos. Asiste de maneira telemática.

VOCAIS

D. Déborah García Suárez, secretaria da Corporación.

D. Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación, asiste de maneira telemática.

D. Juan Carlos Rodríguez Peteiro, AEDL da Corporación, asiste de maneira telemática.

SECRETARIO

D. David García Lareo, administrativo da Corporación.

A Mesa de contratación, validamente constituída, declaraba admitidas provisionalmente as seguintes proposicións:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	B36591063
ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	34904364R
Osventos Innovación en Servizos S.L.	B70493275

Ao non formularse ningunha reclamación, procédese á apertura do “**SOBRE A**”, que contén a “**DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS**”.

Unha vez cualificada a documentación administrativa que os licitadores aportan no “**SOBRE A**”, salvo erro, se observan defectos emendables, polo que a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros acorda requirir á licitadora **Elisa Estévez Rodríguez** para que entregue, por sede electrónica do Concello, o DEUC debidamente asinado.

Realízase o requirimento da documentación emendable o 17 de outubro de 2025, rexistro de saída nº 2025-s-re-1453.

A licitadora presenta correctamente o solicitado ese mesmo 17 de outubro de 2025, rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1900.

Comprobada a documentación administrativa, salvo erro ou omisión involuntaria, a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros declaraba ADMITIDAS definitivamente á licitación as seguintes proposicións:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	B36591063
ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	34904364R
Osventos Innovación en Servizos S.L.	B70493275

No mesmo acto procedeuse a dar apertura ó contido do **SOBRE B**, a mesa de contratación acordaba remitir esa documentación ás técnicas competentes para que realizasen a avaliación dos criterios suxeitos a xuízo de valor.

O 06 de novembro de 2025 Dona Carmen Miranda Posse e Dona Sara Blanco Gil, funcionarias do Concello de Silleda, realizan informe de avaliación dos criterios suxeitos a xuízos de valor que se transcribe a continuación:

“Valoración dos Criterios Subxectivos (Xuízo de Valor)
CORRESPONSABLES: Programa Lúdico-Educativo Concilia Silleda 2025

Este informe recolle a valoración técnica das propostas presentadas no **Sobre B** relativas aos criterios de adxudicacións avaliábeis mediante xuízo de valor:

"Programa lúdico-educativo presentado do que se valorará a súa calidade e multidisciplinaridade e adecuación aos obxectivos do presente contrato e os Concello de Silleda" (máximo 25 puntos).

Táboa Resumo de Puntuacións por Oferta

Criterio Subxectivo (Ptos. Máx.)	Osventos Innovación en Servizos	Elisa Estévez Rodríguez	Alvalop
1. Calidade Global do Programa (8 pts)	8	8	6
2. Multidisciplinaridade do Programa (5 pts)	5	5	4
3. Adecuación a Obxectivos/Prego Técnico (4 pts)	4	4	3
4. Innovación e Adquisición de Valores (5 pts)	5	4	3
5. Impacto e Viabilidade (3 pts)	3	3	2
PUNTUACIÓN TOTAL (Máx. 25 pts)	25 PUNTOS	24 PUNTOS	18 PUNTOS

Desglose e Xustificación da Puntuación por Criterio

1. Calidade Global do Programa (Máximo 8 puntos)

Subcriterio	Máx. Ptos.	Osventos Innovación en Servizos	Elisa Estévez	Alvalop
Claridade na estrutura e descrición	3	3	3	2
Adecuación metodolóxica	3	3	3	2
Coherencia interna (obxectivos, contidos, avaliación)	2	2	2	2
TOTAL	8	8	8	6

Xustificación:

- **Osventos Innovación en Servizos (8/8):** Conta cunha metodoloxía centrada na consecución de

resultados e no desenvolvemento de diferentes competencias (sociais, emocionais, etc.). A proposta destaca pola súa coherencia entre o plan de actividades e o sistema de avaliación, sustentado en indicadores claramente definidos e organizados. Destaca a especificación de Protocolos.

- **Elisa Estévez (8/8):** Obtén a máxima puntuación. Sobresaen a claridade e a boa organización da súa estrutura —que inclúe unha Programación Xeral e cronogramas detallados por día—. Ademais, garante a coherencia do proxecto ao comprometerse con persoal formado en igualdade e atención á diversidade, o que reforza o seu enfoque pedagóxico.
- **Alvalop (6/8):** A súa proposta é sólida e presenta unha estrutura completa e coherente; con todo, a descrición metodolóxica resulta máis xeral e menos específica ca das outras dúas iniciativas.

2. Multidisciplinaridade do Programa (Máximo 5 puntos)

Subcriterio	Máx. Ptos.	Osventos Innovación en Servizos	Elisa Estévez	Alvalop
Inclusión de actividades de diferentes ámbitos	3	3	3	3
Equilibrio e integración entre disciplinas	2	2	2	1
TOTAL	5	5	5	4

Xustificación:

- **Osventos Innovación en Servizos (5/5) e Elisa Estévez (5/5):** Ambas as iniciativas incorporan de maneira equilibrada diversos ámbitos —artístico, físico e emocional/social—, mostrando unha clara transversalidade e unha adecuada integración no desenvolvemento das competencias.
- **Alvalop (4/5):** A proposta abrangue distintos ámbitos (deportivo, lúdico, talleres e educación ambiental), aínda que a conexión e o equilibrio entre eles resultan menos evidentes no texto do proxecto en comparación coas outras dúas ofertas.

3. Adecuación aos Obxectivos do Contrato e ao Prego Técnico (Máximo 4 puntos)

Subcriterio	Máx. Ptos.	Osventos Innovación en servizos	Elisa Estévez	Alvalop
Alineamento claro cos obxectivos xerais	2	2	2	2
Cumprimento dos requisitos específicos do prego	2	2	2	1
TOTAL	4	4	4	3

Xustificación:

- **Osventos Innovación en servicios(4/4):** Máxima puntuación. O aliñamento é total e o cumprimento de requisitos refórzase coa promesa de Coordinación Institucional eficaz, un obxectivo clave para a Administración.
- **Elisa Estévez (4/4) :** Conta cun Plan de Coordinación específico, estipulando a metodoloxía a seguir para unha boa comunicación entre as partes intervincentes no Servizo.
- **e Alvalop (3/4):** Cumple plenamente cos obxectivos xerais. Non obstante, a proposta aminora a puntuación no cumprimento de requisitos específicos por ser menos explícita no detalle técnico da

coordinación.

4. Innovación e Adquisición de Valores (Máximo 5 puntos)

Subcriterio	Máx. Ptos.	Osventos Innovación en servizos	Elisa Estévez	Alvalop
Propostas innovadoras no enfoque ou nas actividades	2	2	1	1
Actividades que fomenten valores (convivencia, igualdade, etc.)	3	3	3	2
TOTAL	5	5	4	3

Xustificación:

- **Osventos Innovación en servizos(5/5):** Considérase a proposta máis completa no enfoque, xa que contextualiza as necesidades que, a nivel local, deben ser atendidas dende o Servizo a través dunha diagnose de necesidade de conciliación no Concello de Silleda. Destaca a descrición detallada de actividades educativas e lúdicas con especificación de temáticas por semana. Fomenta os valores mediante o desenvolvemento competencial socioemocional.
- **Elisa Estévez (4/5):** Obtén a máxima puntuación en fomento de valores (3/3) debido ao seu compromiso coa formación especializada do persoal en Igualdade e Protección da Infancia, o que garante a mellor transmisión de valores.
- **Alvalop (3/5):** A proposta describe actividades de valores, pero non detalla o seu fomento co nivel de compromiso ou innovación das outras ofertas.

5. Impacto e Viabilidade (Máximo 3 puntos)

Subcriterio	Máx. Ptos.	Osventos Innovación en servizos	Elisa Estévez	Alvalop
Viabilidade da execución segundo recursos dispoñibles	2	2	2	1
Capacidade do programa para ter un impacto positivo e sostible	1	1	1	1
TOTAL	3	3	3	2

Xustificación:

- **Osventos Innovación en servizos(3/3):** A sistematización dos **indicadores de avaliación e mellora continua** garante tanto a viabilidade da execución como a sostibilidade do impacto.
- **Elisa Estévez (3/3):** A súa proposta garante a **Viabilidade** mediante o seu compromiso explícito de **cobertura de ausencias e reforzos** a través dunha bolsa interna de persoal dispoñible.
- **Alvalop (2/3):** Viabilidade garantida e impacto positivo, pero a proposta non achega un mecanismo de garantía de recursos ou control da calidade da execución tan robusto como as outras ofertas.

Silleda, na data da sinatura electrónica.

Carmen Miranda Posse

Asesora Xurídica e Directora do CIM
Sociais"

Sara Blanco Gil

Educadora social e Coordinadora de Servizos

Os membros da Mesa de Contratación a vista do informe técnico transcrito anteriormente, por

Concello de Silleda

unanimidade, asume o seu contido íntegro dando a súa conformidade as valoracións que contén, quedando a puntuación total do contido do SOBRE B da seguinte maneira:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B
ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. (B36591063)	18
ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (34904364R)	24
Osventos Innovación en Servizos S.L. (B70493275)	25

A Mesa de Contratación, unha vez finalizado o acto de valoración do SOBRE B, acorda convocar a seguinte reunión para este mesmo mércores día 12 de novembro para proceder á apertura do SOBRE C.

A Mesa de contratación procede a dar lectura á oferta económica recollida no SOBRE C co seguinte resultado:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PREZO SEN IVE (€)	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO
ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	67.920,00	13,69
ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	63.000,00	46,06
Osventos Innovación en Servizos S.L.	62.500,00	47,00

Ademais a licitadora oferta as melloras propostas no PCAP:

DENOMINACIÓN SOCIAL	Por cada monitor (dos contratados) con nivel de inglés superior ao exixido 5 puntos, cun máximo de 10 puntos	1 persoa para Persoal de limpeza. 9 puntos	Polo aumento dunha hora no horario de tarde (ata as 21 h) 9 puntos	PUNTUACIÓN TOTAL
ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	10	9	9	28
ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	10	9	9	28
Osventos Innovación en Servizos S.L.	10	9	9	28

Tendo en conta o exposto, a puntuación total do SOBRE C é a seguinte:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN MELLORAS	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE C
ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	13,69	28	41,69
ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	46,06	28	74,06
Osventos Innovación en Servizos S.L.	47,00	28	75,00

A puntuación total do SOBRE B e SOBRE C é a seguinte:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	18	41,69	59,69
ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	24	74,06	98,06
Osventos Innovación en Servizos S.L.	25	75,00	100,00

Polo exposto anteriormente, a mesa por unanimidade dos membros, na última sesión celebrada, acordaba:

“PRIMEIRO.-Que non procede clasificar por orde decrecente as ofertas presentadas segundo as puntuacións obtidas porque unicamente temos un licitador presentado.

LICITADOR	PUNTUACIÓN
Osventos Innovación en Servizos S.L.	100,00
ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	98,06
ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	59,69

SEGUNDO.-Requirir á licitadora **OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.** con **N.I.F. (B70493275)**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de servizos **“SERVIZO DE PROGRAMA CONCILIA SILLEDÁ 2025”**, para que, dentro do prazo de **10 días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 27 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 20 e o punto 26, así como as pólizas de seguro recollidas no punto 20, ambas do Anexo I do PCAP.”

Advírtese erro na transcripción do acordado pola mesa na última sesión celebrada, de maneira que onde di:
“PRIMEIRO.-Que non procede clasificar por orde decrecente as ofertas presentadas segundo as puntuacións obtidas porque unicamente temos un licitador presentado.”

Debe decir:

“PRIMEIRO.- Procede clasificar por orde decrecente as ofertas presentadas segundo as puntuacións obtidas. Quedando dita clasificación da seguinte maneira:
....”

Sirva a presente como corrección do recollido no primeiro punto do acordado na anterior acta de data 25 de novembro de 2025.

O 25 de novembro de 2025, con rexistro de saída nº 2025-S-RE-1671, realízase o requirimento da documentación á licitadora **OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.** con **N.I.F. (B70493275)**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación.

O 03 de decembro de 2025, con rexistro de entrada neste Concello nº 2025-E-RE-2185, a licitadora presenta documentación.

A mesa de contratación comproba que a documentación presentada non está completa polo que procede a realizar novo requirimento o 04 de decembro de 2025, rexistro de saída nº 2025-S-RE-1703.

Con data 05 de decembro de 2025, con rexistros de entrada neste Concello nº 2025-E-RE-2207 e 2025-E-RE-2208, a licitadora presenta a documentación requirida, polo que a mesa de contratación presta a súa

conformidade coa documentación presentada, salvo erro ou omisión involuntaria, e **PROPÓN Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:**

A **ADXUDICACIÓN** do contrato de servizos “**SERVIZO DE PROGRAMA CONCILIA SILLEDA 2025**”, a:

- **OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.** con **N.I.F. (B70493275)**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación.

A presidenta da por rematada a reunión ás 13:00 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura da presidenta, e dou fe.

VºBº.

O Secretario
David García Lareo

A Presidenta
Paula Mª Fernández Pena”

Visto o informe fase D asinado o 12 de decembro de 2025.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta da Mesa de Contratación e **ADXUDICAR** á licitadora **OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.** con **N.I.F. (B70493275)**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación, o contrato de servizos denominado “**SERVIZO DE PROGRAMA CONCILIA SILLEDA 2025**”, por importe de 62.500,00 euros ó ano (250.000,00 € polos catro anos de duración máxima do contrato, incluídas prórrogas).

Comprometéndose a realización das melloras postestativa recollidas no PCAP sobre:

- 2 monitores a maiores, con nivel de inglés superior ao exigido.
- 1 persoa para o persoal de limpeza.
- Aumento de 1 hora no horario de tarde (ata as 21h)

SEGUNDO.- A presentación de ofertas por parte das entidades licitadoras implicará a aceptación expresa da obriga de subrogación do persoal, sendo esta una condición esencial para a execución do contrato.

TERCEIRO.- Dispor o gasto por importe de 62.500,00 euros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e a **OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.** con **N.I.F. (B70493275)**, adxudicataria do contrato, indicarlle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días. Recordando que deberá concertar un seguro de accidentes debendo presentar xustificación do aboamento da prima do exercicio vixente, xunto coa correspondente póliza previa á formalización do contrato.

QUINTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 1936/2025. Arrendamento temporal das instalacións da Fundación do Campo Galego

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o contido da Memoria xustificativa para o uso temporal das instalacións da Fundación do Campo Galego como sede provisional da Escola de Música Municipal de Silleda, elaborada con motivo da execución das obras de rehabilitación e mellora da Escola de Música Municipal, co obxecto de garantir a continuidade do servizo público esencial que esta presta durante o dito período;

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro. Tómase coñecemento da citada memoria xustificativa, na que se fundamenta a necesidade e idoneidade de empregar temporalmente as instalacións da Fundación do Campo Galego como sede provisional da Escola de Música Municipal mentres duren as obras de rehabilitación, así como da oferta económica achegada pola Fundación para o uso do inmovible.

Segundo. Acórdase **iniciar expediente administrativo** para tramitar o arrendamento temporal das instalacións da Fundación do Campo Galego, durante o período estimado de un (1) ano e polo importe anual de 10.000,00 €, co fin de garantir a continuidade da actividade docente e musical da Escola Municipal ao longo da execución das obras no edificio principal.

Terceiro. Solicitar **ao Servizo de Asistencia e Asesoramento aos Municipios (SAIM)** da Deputación Provincial de Pontevedra a emisión dos **informes técnicos e económicos necesarios** para a tramitación do expediente, ante a imposibilidade técnica municipal de resolvelo nun prazo de tempo que permita o traslado da actividade durante o período non lectivo de Nadal.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

Concello de Silleda



DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021